


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

(Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

Curso 2017/2018

R2 DO-0203 P1



INFORME PAT CURSO ACADÉMICO 2017/2018

Neste informe presentamos os datos acadados en relación coas accións levadas a cabo no PAT do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio durante o curso 2017-2018.

Comézase cunha aclaración respecto dunha modificación incluída por primeira vez neste curso que pasamos a analizar. En consonancia coa política de simplificación dos procedementos de Calidade co obxectivo de adecualos ás necesidades propias do centro, a Comisión de Calidade (22/06/2017) validou e a Xunta de Facultade (23/06/2017) aprobou que en lugar de un/unha titor/a por estudante, houbera un/unha único/a titor/a por curso, coa condición de que imparta docencia no mesmo. Isto tamén foi aplicado ao máster polo que, partindo deste presuposto, nomeouse (21/09/2017) para o actual curso o seguinte docente: Adolfo Fernández Fernández.

Os resultados deste curso son os seguintes:

1. Anexo II

Este anexo debe ser cuberto polos alumnos que se matriculan por primeira vez no máster. Dende a coordinación, facémoslle chegar o anexo II vía email amais de informarlle durante a sesión de acollida de que se atopa colgado (ao igual que o resto de documentación do PAT) na área común do máster en FAITIC. Pasadas varias semanas desde a sesión de apertura e non recibindo ningún Anexo II cuberto, decidiuse enviarlle un aviso o 4 de decembro de 2017 onde se incluía en adxunto dito Anexo II. Cubrir dito Anexo non é obrigatorio e iso reflíctese na participación. A cifra de participación foi dun escaso 15% (3 de 20 alumnos). Nesta enquisa recóllense datos de tipo persoal (DNI, enderezo...) e outras circunstancias que se relacionan co aspectos estruturais do grao (motivación, posibilidade de asistencia ás clases presenza por emeeting, organización e tempo de estudo e traxectoria académica previa). Non houbo datos destacables nos 3 Anexo II cubertos.

2. Anexo III

Realizáronse ao longo do curso dúas reunións grupais de seguimento, a primeira a finais do primeiro cuadrimestre (novembro) e a outra a finais do segundo e que consistiron nunha valoración oral sobre a dinámica do curso e os resultados do cuadrimestre. Así mesmo o estudantado cumprimentou o Anexo III correspondente. No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuadrimestre. Á primeira reunión acudiron un número significativo de alumnos mentres que na segunda apenas participaron 3. Este descenso de participación penso que é devida ao período no que se leva a cabo, cando o alumnado se atopa en período de prácticas ou realizando o seu TFM. No entanto, durante os meus contactos co alumnado, durante o período lectivo da materia que imparto e durante a fase de prácticas e TFM sempre mantiven contacto con un grupo de alumnos moi participativo que en todo momento me foi trasladando os problemas detectados ao longo do curso.

Curso	Reunión 1º cuadrimestre	Reunión 2º cuadrimestre
Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio	8	3

Resultados:

As reunións transcorreron en bo ambiente e o estudantado comprendeu o sentido da mesma como unha valoración global do cuadrimestre e en xeral do máster. No entanto, a maioría deles mostraron aspectos mellorables e que pasamos a describir.



- O estudantado coincidiu en indicar que as materias CAD (Materia 7) e Técnicas de documentación cartográfica 2D e 3D do Patrimonio (materia 9), aplican conceptos moi densos que son difíciles de asimilar en tan pouco tempo, especialmente cando a maioría do estudantado matriculado non conta cunha base previa suficiente. No entanto, os alumnos sinalan que os contidos son moi completos, progresivos e están perfectamente explicados polos docentes. O problema, polo tanto, é o nivel de esixencia, especialmente nos exercicios que os docentes encargan aos alumnos. Como exemplo, sinalan que un dos traballos que se lles solicitou levar a cabo é idéntico a un TFG do grao de xeomática da Universidade de Cáceres. Os alumnos solicitan que os docentes destas materias adecúen os contidos ao nivel dos matriculados

Análise desta queixa/suxestión

Parece un problema certo xa que foi expresado polos presentes indicando ademais que contaban co apoio do resto de alumnos. É certo que desde un par de anos atrás, coa saída da ESCRBCG do máster e a desaparición de certas materias do programa de estudos conlevou un cambio do perfil do alumnado matriculado. Agora detéctase unha maior presenza de alumnos con estudos previos nas ramas de Humanidades e Ciencias Sociais caendo o número de alumnos saídos da ESCRBCG ou de perfil científico-técnico. Estes últimos, contaban cunha base previa neste tipo de materias mentres que actual alumnado non conta, na maioría dos casos, con experiencia previa nestes ámbitos. O resultado é unha maior dificultade para poder superar unhas materias que seguen esixindo o mesmo que en anteriores edicións.

É un aspecto que pode trasladarse á CAM do máster se desde a coordinación o creen necesario.

- Como queixa específica sobre unha materia, de novo, apúntase cara a materia de CAD (Materia 7). Sinalan que a docente explicou os contidos dun xeito inadecuado ao utilizar unha presentación en pdf. con capturas de pantalla e non –como se fai noutras materias – mediante o uso directo do programa, o que resulta máis sinxelo para o estudantado.

Análise desta queixa/suxestión

Trátase dunha queixa concreta sobre o xeito de transmitir os contidos da materia ao estudantado por parte dunha docente do máster polo que parece difícil tomar algunha medida perante isto.

- Outro dos aspectos a mellorar segundo o estudantado ten relación coa materia 3 (Protección jurídica del PC). Sinalan que o exame (método de avaliación desta materia) tivo que ser feito en papel. A docente colgou o exame na plataforma, os alumnos tiveron que imprimilo, cubriilo e enviálo por correo ordinario á docente. Sinalan que lles parece fora de lugar este método e que existen outras maneiras de poder avaliar a materia ou facer exames sen ter que utilizar este método tan rudimentario

Análise desta queixa/suxestión

Penso que no máster temos que evitar que acontezan este tipo de cousas. Temos a nosa disposición medios suficientes para non ter que levar a cabo este tipo de accións. A coordinación debería poñerse en contacto coa docente para evitar que isto se repita en vindeiras edicións.

- Por último, o estudantado critica o calendario de escolla de tema e titor de TFM. A queixa radica en que aínda non rematou o período de impartición de materias e non coñecen os contidos dalgunhas nin a todos os docentes cos que poderían levar a cabo o seu TFM. O que



fai que sexa moi difícil atopar director/a. O estudantado transmíteme a posibilidade de modificar este prazo dentro do calendario de TFM para vindeiras edicións evitando así que os novos alumnos teñan o mesmo problema.

Análise desta queixa/suxestión

Este problema penso que se ven acentuando nas derradeiras edicións debido, novamente, o cambio de perfil do estudantado matriculado. As materias con contidos do ámbito científico-técnico concéntranse no primeiro cuadrimestre quedando unha boa parte das materias do ámbito humanístico no segundo. Se a isto lle unimos que a o alumnado procura un tema afín aos seus estudos previos, o marxe de escolla de temas e directores/as queda moi reducido no momento estipulado para dita escolla. De feito, vense observando nas derradeiras edicións un progresivo aumento de alumnos/as que optan por temas relacionados con materias socio-humanístico fronte a unha caída de TFMs científico-técnicos. Debe ser un aspecto a reflexionar xa que parece que as liñas e investigación ofertadas previamente non están a funcionar de guía para a escolla do estudantado que prefire coñecer os contidos e os docentes do máster previamente.

- Apuntan, sen embargo, que o funcionamento do emeeting é mellorable

Análise desta queixa/suxestión

Estes problemas técnicos detectados no emeeting son de sobra coñecidos aínda que non podemos facer nada o respecto ao depender directamente dos seus responsables.

CONCLUSIÓN

A pesares destas queixas/suxestións facilmente corrixibles en vindeiros cursos académicos, o estudantado tamén me traslada que en xeral o máster está moi ben organizado, os contidos son realmente interesantes e que o recomendarían a outros compañeiros.